



Estudantes de Ponteareas, Viveiro e Santiago de Compostela, gañadores do Concurso Escolar do Parlamento de Galicia

- **Os finalistas cursan estudos en centros de Rubiá (Ourense) e Santiago de Compostela**
- **Os premios serán entregados no Parlamento de Galicia o vindeiro 5 de xuño**

Santiago, 22 de maio de 2013.- O xurado encargado de valorar os traballos presentados na terceira edición do Concurso Escolar do Parlamento de Galicia acordou, por unanimidade, a concesión dos premios correspondentes aos gañadores e finalistas de cada unha das tres modalidades do certame (Imaxina a Pintura, Escribe o teu conto, e Exprésate).

A decisión do xurado é a seguinte.

Imaxina a Pintura

Alumnas do **grupo gañador**: Antía Martínez Pérez, Naiara Bouza Rodríguez, Inés Borge Juste, Lidia Castro Rodríguez e Lucía Otero Codeseda

- Clase: 1º de Primaria
- Profesora que supervisou o traballo: Dª Pilar Gallego Illán
- Centro educativo: **CPR Plurilingüe Santiago Apóstol de Ponteareas (Pontevedra).**

Alumnas do **grupo finalista**: Candela Prada Vega, Ana Alonso Domínguez, Claudia Rodríguez Delgado, Carmen Estévez Martín e Nadia Dovigo Otero, alumnas de 2º ciclo de educación infantil do **CEIP Virxe do Camiño de Rubiá**



(Ourense). Profesora que supervisou o traballo: D^a Aurora Delgado Pérez

Escribe o teu conto

Alumnos do **grupo gañador:** Ariendys Franco Lorenzo e Brauly Gómez Peralta.

- Clase: 1^o A de ESO
- Profesor que supervisou o traballo: D. Francisco José Janeiro Rodríguez
- Centro educativo: **IES Vilar Ponte de Viveiro (Lugo).**

Alumnas e alumnos do **grupo finalista:** Alba Fernández Martínez, Diego Beltrán Fernández Prada, Laura García Fraga, Blanca Landín Rey e Pablo Francisco Lata Díaz (alumnos/as de 6^o A de Educación Primaria do **Centro Escolar Manuel Peleteiro, de Santiago de Compostela** (A Coruña). Profesora que supervisou o traballo: D^a Josefa Lourido Barbeira

Exprésate:

Alumnas e alumno do **grupo gañador:** Rebeca Carballo Amado, Yemina Gómez Corral, Gloria Martínez Pazos e José Manuel Fernández Vilas.

- Clase: 3^o U de ESO
- Profesora que supervisou o traballo: D^aMaría Blanco Crespo
- Centro educativo: **IES Eduardo Pondal, de Santiago de Compostela** (A Coruña).

Alumnas do **grupo finalista:** Alicia Suárez Cao, Tamara Cerqueiro Rey, Paula Vilariño Gasamáns e Uxía Rico Gómez (alumnas de 4^o U da ESO do **IES Eduardo Pondal, de Santiago de Compostela** (A Coruña). Profesora que supervisou o traballo: D^a Mercedes Espiño Amil.

Os premios serán entregados nun acto que se desenvolverá na sede do Parlamento de Galicia o vindeiro 5 de xuño.



O xurado desta III edición do Concurso Escolar do Parlamento de Galicia estivo presidido polo vicepresidente primeiro do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices; e integrado pola vicesecretaria da Mesa do Parlamento, Concepción Burgo; pola presidenta da Comisión 4ª, Educación e Cultura, Mª Soledad Piñeiro (por delegación da presidenta da Cámara); e polos deputados Vicente Docasar Docasar (en representación da vicepresidenta primeira), e Moisés Blanco Paradelo (por delegación do secretario da Mesa). O profesor Xosé Manuel Rosales Noves formou parte do xurado como docente proposto pola Presidencia do Parlamento de Galicia.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia